

A Vanguard Initiative vén de poñer en marcha o mecanismo interrexional Vinnovate

Trátase dun instrumento conxunto de financiamento pioneiro entre as rexións socias participantes que facilita a creación de consorcios para o impulso de proxectos de I+D



A Axencia Galega de Innovación forma parte da rede europea Vanguard Initiative, composta por 38 rexións co obxectivo común de estimular a I+D relacionada coas cadeas de valor de maior interese para estas rexións e aliñadas coas súas respectivas RIS3




Que rexións europeas participan nesta iniciativa?

- Leste dos Países Baixos (Países Baixos).
- Sur dos Países Baixos (Países Baixos).
- Emilia Romaña (Italia).
- Flandres (Bélxica).
- Valonia (Bélxica).
- Gales (Reino Unido).
- Galicia (España).
- Baixa Austria (Austria).
- Baixa Saxonia (Alemaña).
- Norte de Portugal (Portugal).
- Nordeste de Romanía (Romanía).



Como participa Galicia?



A participación galega nesta convocatoria artículase través de Vinnovate Galicia, que financia aos axentes galegos que participan nestes proxectos interrexionais

Convocatoria



Cal é o obxectivo?

Potenciar unha maior colaboración e presenza europea e internacional dos axentes do ecosistema galego de I+D+i, promovendo a realización de proxectos colaborativos interrexionais de I+D



Entidades beneficiarias

Organismos de investigación:

- Centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia
- Universidades do SUG
- Centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas
- Fundacións de investigación sanitaria de Galicia
- Outros organismos de investigación de Galicia nos que a I+D sexa a súa actividade principal



Empresas (grandes, medianas e pequenas)



Valorarase a participación no consorcio ou a subcontratación de organismos de investigación



Características dos proxectos galegos da convocatoria Vinnovate Galicia

Modalidade dos proxectos

Proxectos en cooperación:

- Mínimo 2 / máximo 4 entidades (independentes e non vinculadas entre si)
- Imprescindible: mínimo 1 peme con participación mínima no orzamento do 15%
- Participación de, polo menos, outro axente dalgunha das rexións membro da Vanguard Initiative participantes neste mecanismo que pertencen a países distintos

Orzamento dos proxectos

Mínimo: 150.000€ | Subvención máxima: 500.000€

Intensidades máximas

Categoría da participación galega no proxecto (aplícase individualmente a cada membro do consorcio galego)	Pequena empresa	Mediana empresa	Grande empresa	Org. investigación
	Colaboración entre empresas	50%	40%	30%
Colaboración entre empresa/s e un ou varios organismos de investigación	50%	40%	30%	60%
Colaboración efectiva entre empresa/s e un ou varios organismos de investigación (asumen mínimo o 10% custos subvencionables e dereito a publicar os resultados)	60%	50%	40%	60%
Colaboración efectiva entre empresas (que ningunha asuma por si soa con máis do 70% dos custos subvencionables)	60%	50%	40%	60%

Proxectos de desenvolvemento experimental

Ámbitos temáticos dos proxectos


- Bioeconomía
- Intelixencia artificial
- Hidróxeno
- Saúde intelixente / Medicina personalizada
- Fabricación avanzada para aplicacións enerxéticas offshore
- Produción de alto rendemento a través da impresión 3D
- Novos produtos de base nanotecnolóxica
- Fabricación eficiente e sostible

Nivel tecnolóxico dos proxectos

TRLs 6 a 7



Proceso de participación



Infoday convocatoria Vinnovate


5 de setembro, 10:00 horas
Presencial e online
 Sede da Axencia Galega de Innovación

CONSULTA OS MATERIAIS DA XORNADA 



Material de apoio



- Sección Vinnovate: páxina web da Vanguard Initiative
- Proceso de participación nesta convocatoria
- Documentos de apoio 

Tes unha idea de proxecto que compartir?
 Queres saber as ideas que hai para ver con quen podes colaborar? 

Consulta esta páxina! 